



RESOLUCIÓN DE 12 DE XUÑO DE 2020, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DE DATA 13 DE XUÑO DE 2019 (DOG Nº 125, DO 3 DE XULLO), DE VINCULACIÓN TEMPORAL PARA A COBERTURA DE DIVERSAS PRAZAS DA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA PARA OS SERVIZOS SANITARIOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DA DEVANDITA XERENCIA, NA ESPECIALIDADE DE UROLOXÍA

Con data 9 de setembro de 2019 a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee resolveu publicar as puntuacións obtidas polos/as aspirantes na convocatoria de data 13 de xuño de 2019 (DOG nº 125, do 3 de xullo), de vinculación temporal para a cobertura de diversas prazas da categoría de Facultativo Especialista de Área para os servizos sanitarios de atención especializada da devandita Xerencia, no relativo á especialidade de Uroloxía, con apertura dun prazo de cinco días para a presentación de reclamacións polos/as aspirantes.

O apartado 3 da Base Sexta da Convocatoria establece que, unha vez examinadas as reclamacións presentadas, de ser o caso, a Comisión de Valoración elevará os listados definitivos por orde de prelación ao Xerente, coa proposta de adjudicación do/s vínculo/s ofertados a favor da/s persoa/s aspirante/s que acrediten maior puntuación, agás que concorran circunstancias que xustifiquen que a convocatoria quede deserta, en cuxo caso deberán constar as razóns que motiven tal proposta.

Emitida a proposta por parte da Comisión de Avaliación, e de conformidade co establecido na Base Sétima da Convocatoria, esta Xerencia

RESOLVE:

Primeiro.- Publicar, como Anexo I, as puntuacións definitivas acadadas polos/as aspirantes na especialidade de Uroloxía.



Segundo.- Adxudicar os nomeamentos a aqueles/as aspirantes que acadaron as maiores puntuacións, segundo se recolle no Anexo II.

Terceiro.- Fixar como data de sinatura dos nomeamentos e incorporación efectiva ás prazas o día 1 de xullo de 2020. No entanto, e en casos de forza maior, e por instancia do/a interesado/a, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee poderá prorrogar o prazo de incorporación.

De non producirse a sinatura e a incorporación efectiva á praza na data ou prazo indicado, o/a interesado/a perderá os dereitos como adxudicatario/a ao nomeamento, podendo ser chamado o/a aspirante seguinte de conformidade coa orde de maior a menor puntuación outorgada pola Comisión de Avaliación.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación.

DILIXENCIA:
 Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente Resolución nos taboleiros de anuncios da Área Sanitaria da Coruña

A Coruña, 12 de xuño de 2020
 O Director de RR.HH.

Asdo. Javier Fernández Nistal




A Coruña a 12 de xuño de 2020
 O XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA
 CORUÑA E CEE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE e Cee

XERENCIA

Asdo.- Luis Verde Remeseiro





ANEXO I

RESULTADOS DEFINITIVOS DA VALORACIÓN DE MÉRITOS DOS/AS ASPIRANTES

ESPECIALIDADE: Uroloxía

PROFESIONAL	Participación OPE (Máx 24 puntos)	Formación (Máx. 14 puntos)	Experiencia (Máx. 22 puntos)	Investigación (Máx. 4 puntos)	Total Méritos
Casas Agudo, Vicente	13,050	9,030	22,000	0,300	44,380
Novoa Martín, Rosa María	16,000	14,000	9,800	0,150	39,950
Vázquez-Martul Pazos, Darío	11,700	12,390	12,000	1,550	37,640
Aller Rodríguez, Marcos	9,800	12,960	9,800	0,900	33,460
Orosa Andrada, Andrea	12,900	9,110	7,600	1,400	31,010
Freire Calvo, Jacobo	2,000	11,770	12,000	0,150	25,920
Lamas Díaz, Leticia	2,000	6,950	2,600	0,300	11,850
Novo Gómez, Nerea	0,000	5,880	0,200	0,000	6,080





ANEXO II

ASPIRANTES SELECCIONADOS/AS

Especialidade: Uroloxía

Apelidos e Nome	Centro	Tipo de Vínculo
Casas Aguado, Vicente	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	Interinidade en praza vacante
Novoa Martín, Rosa María	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	Interinidade en praza vacante

